

Tres historias
eruditas
para celebrar un Nadal



Fonte: Fundación Carlos Casares

Obra dispersa
autotraducida de
Carlos Casares
**Tres historias eruditas
para celebrar un Nadal**



Iolanda Galanes Santos
Universidade de Vigo

Introdución

En 2012 publícase en Barcelona postumamente unha obra de Casares (*Narrativa breve completa*) traducida ao español, quer en autotradución, quer en tradución allea de Xesús Rábade Paredes para a ocasión. O obxectivo do volume editado por Libros del Silencio é, segundo se nos indica no apartado de procedencias, ser “[...] la primera antología comprensiva de la totalidad de relatos producidos por el autor durante los 35 años de su fecunda trayectoria literaria” (Casares 2012: 301). Esta obra recupera unha das autotraducións inéditas do seu *Vento ferido* (1967) e algunha que outra peza editada en prensa.

Malia que esta coidada edición ten vocación compilatoria, o teimudo activismo do noso autor e a diversidade de actividades literarias e tradutoras da súa traxectoria, aínda non completamente coñeci-


das, encárganse de achegarnos novas referencias mesmo quince anos despois do seu pasamento.

Algunha obra dispersa de Carlos Casares

A nosa experiencia na pescuda do Arquivo persoal¹ casariano no último lustro revélanos un legado multifacético y con incidencia en varias culturas. A pesar da prematura desaparición do seu autor, estamos ante un repertorio aberto, no que día a día imos topando ben unha nova revisión dunha novela (sirvan de exemplo as 13 correccións de *Deus sentado nun sillón azul*), ben unha tradución dun relato ao ucraino (como a versión nesa lingua de *Un polbo xigante*) ou, se cadra, a noticia dunha tradución descoñecida (por exemplo, a tradución francesa de *Ilustrísima*). Afortunadamente algunhas destas referencias están vendo a luz (Casares 2014)

¹ É obrigado aquí o agradecemento a Gustavo Adolfo Garrido e a Miguel Valverde, responsables de xestionar o día a día do legado da Fundación Carlos Casares, pola súa dedicación e paciencia.

e aínda novas traducións da súa obra completan o percurso internacional da obra casariana (Casares 2017). Velái o carácter aberto do legado.



Esta obra recupera unha das autotraducións inéditas do seu Vento ferido

Adoítamos utilizar *obra dispersa* para designar as pezas narrativas, xornalísticas e ensaísticas publicadas de modo illado en revistas, xornais ou como capítulos de volumes colectivos. Ao afán compilatorio do citado volume editado en Barcelona, escaparon dúas pezas singulares. Trátase en primeiro lugar do relato *De como en 1384 o viño do ribeiro curou un mal negro que se*

extendeu como peste polos mosteiros de Ourense / De como en 1384 el vino del Ribeiro curó un mal negro que se extendió como peste por los monasterios de Orense. En segundo lugar figuran os tres pequenos relatos *Tres historias eruditas para celebrar un Nadal: 1. Vaasco Fernández de Buño, 2. Pura Alonso de Orense e 3. Antonius Ludovicus Fandinus de Roma*, que reproducimos en anexo e que circulou como acompañamento a un agasallo de empresa por mor do Nadal.

Como indicabamos en Galanes (2014: 189), ambas pezas foron publicadas en edición non venal, como libretos bilingües (galego-español), por obra do xornal ourensán *La Región*. Dado que a distribución destas obras se vinculou ao

ámbito interno do devandito xornal, en dous nadaís sucesivos, de data por determinar, e posto que non temos noticia da súa reedición, parécenos interesante analizar unha delas neste traballo e reproducila como anexo.

Deitar luz sobre a obra dispersa e de reducida circulación de Casares é unha das tarefas pendentes da historia da literatura. Ademais, por se tratar de obra autotraducida, estamos obrigadas tamén a incorporalas á historia da tradución galega, así como a analizar a súa estratexia tradutiva. As últimas investigacións (Galanes 2014) mostráronos un cambio nas estratexias do autor. Vexamos aquí como se autotraducía nos inicios da súa carreira. Para unha visión xeral é de consulta obrigada, entre outros traballos, a achega de Ana Luna nestas mesmas páxinas.

Contexto e características de Tres historias eruditas para celebrar un Nadal: 1. Vaasco Fernández de Buño, 2. Pura Alonso de Orense e 3. Antonius Ludovicus Fandinus de Roma

Os títulos destes opúsculos remítennos ao Casares de *Os escuros soños de Clío*, obra na que o mellor e máis irónico Casares presenta unha galería de personaxes singulares. O seu autor indica que “...é un libro escrito desde o humor” (Calvo 2003: 135) e do que o seu grande amigo e escritor, Gonzalo Torrente Ballester, afirma que son «bromas gastadas á Historia con enxeño xoguetón e perspicaz, cunha graza de fondas raíces que, se unha se enrosca no corazón a outra se crava na intelixencia, e dá ese resultado indefinible que é a flor da literatura»².

As similitudes entre estes relatos de Nadal e *Os escuros...* non se limitan ao

2 Véxanse os peritextos de presentación en: https://books.google.es/books/about/Os_escuros_so%C3%B1os_de_Cl%C3%ADo.html?hl=es&id=tp8ePXDml2EC (Consulta: 22/2/2017).

título ou á temática, comparten tamén unha técnica narrativa consistente en presentar unha personaxe ficticia galega a través dunha historia relatada por un terceiro. Ese narrador que chega a historia é, por súa vez, unha personaxe histórica. No primeiro dos relatos é Leonard Reckert, da Universidade de Cambridge; no segundo relato, é tarefa do erudito ourensán Alexandre Bienvisto y Pedraza e, finalmente no derradeiro, o informante é nin máis nin menos que Vicente Risco.

Introduce cada unha das historias a través dunha suposta investigación que vén rebater a versión oficial sobre determinados feitos históricos para, a seguir, relátarnos a “verdadeira” historia. As historias e as personaxes están tinxidas de realismo máxico, así Vaasco Fernández de Buño converte en ouro todo o que toca. Pola súa banda, Pura Alonso tiña “entre outras a seguintes cualidades: falar tódalas linguas do mundo co de adiante para atrás, cantar ópera con sete voces diferentes, poñer un ovo de prata catro veces á semana e convertirse en piollo privado do señor bispo da diócesis”. E o soldado Fandinus simplemente desaparece.

Algunhas das habilidades atribuídas a Pura Alonso figuran noutras personaxes casarianas, como o alquimista Caaveiro (de *Os Escuros soños...*) que tamén pon ovos. Pura Alonso convértese no piollo do bispo, do mesmo xeito que o demo pequeniño no padal da Emperatriz de “O avisador e o avisado” (tamén de *Os Escuros soños...*) que lle impide rezar. Todas estas historias fan parte do universo Casares, son os vimbios que o autor manexa maxistralmente nas súas historias para crear diferentes pezas artísticas de calidade narrativa indiscutible.

As tres historias eruditas que nos ocupan versan sobre asuntos diversos, pretenden explicar as propiedades da cerámica de Buño, a “verdadeira” orixe dos encaixes de Camariñas ou dos amendoados de Allariz. En todas elas se relata un milagre (conversión en ouro, elaboración dos encaixes e fabricación de amendoados que neutralizan o inimigo).

A elección dos tres obxectos non foi aleatoria. Sabemos por fontes do xornal *La Región*, que: “el folleto lo editó *La Región* unas navidades acompañando los regalos de empresa: una viradoira de Buño, un encaje de Camariñas y unos almendrados de Allariz”. Cabe, polo tanto, pensar que estamos ante tres relatos escritos baixo demanda e

estes cobran aínda máis sentido coñecéndonos este contexto.

Non queremos deixar de chamar a atención sobre dúas cuestións que nos parecen relevantes para situar os textos. As tres historias que se relatan son, como xa vimos, semellantes ás de *Os escuros soños...* (1979), aínda que máis curtas cás que esa obra contén. Podemos, polo tanto, pensar que son relatos escritos en torno a *Os escuros soños...* e cos que comparten estrutura e tamén finalidade.

Cando Casares contextualiza os relatos como feitos históricos constrúe unha



Os títulos destes opúsculos remitennos ao Casares de *Os escuros soños de Clío*, obra na que o mellor e máis irónico Casares presenta unha galería de personaxes singulares.



CARLOS CASARES naceu en Ourense en 1.941 pero dende moi novo viviu en Xinxo de Limia. Fixo os estudos de Bachillerato na súa cidade natal e os superiores na Universidade de Santiago, onde cursou a Licenciatura en Filoloxía Románica.

A actividade literaria de Carlos Casares como narrador iniciouse no ano 1.965 coa publicación de tres excelentes contos que deu a coñecer a revista Grial. Dous anos máis tarde a Editorial Galaxia publica *Vento ferido*, un conxunto de doce narracións que foron consideradas unánimemente pola crítica como unha das obras fundamentais da narrativa galega de post-guerra.

A partir deste momento a actividade creativa de Casares consolidase coa incursión en ou-

tros xéneros, ao tempo que incorpora á súa narrativa innovacións formais moi na liña da vangarda da época. Neste senso, a súa primeira novela, *Cambio en tres*, é un nido exemplo de narración experimental, aínda que nela latexan xa as constantes estilísticas e temáticas que van definir logo a súa obra posterior.

No ano 1.975 aparece *Xoguetes pra un tempo prohibido*, «Premio 25 anos da Editorial Galaxia» e «Premio de la Crítica» aquel mesmo ano, considerado hoxe como un dos «best-sellers» da literatura galega dos últimos tempos.

A obra que ofrece hoxe aos seus lectores as Edicións do Cerné, *Os escuros soños de Clío*, publicouse no ano 1.979 na colección *Area maior* desta mesma editorial e foi considerada pola crítica como a obra máis madura do autor. Trátase dunha dúcia de narracións que teñen como telón de fondo a historia de Galicia dende o século X ao XX. Casares gusta eiquí xogar co apócrifo, xénero idóneo para desenrolar a súa rica fantasía e sorprenden ao tempo ao lector, que troca o seu proceso de lectura nun acto de creación.

Nesta mesma liña Casares ven de publicar hai poucos días na Editorial Galaxia de Vigo, *Ilustrísima*, novela que o sitúa nun dos primeiros postos dentro do panorama da literatura galega actual.

Podemos, polo tanto, pensar que son relatos escritos en torno a *Os escuros soños...* e cos que comparten estrutura e tamén finalidade.

historia de Galicia incardinada na historia europea, cun Vaasco Fernández de Buño obxecto da atención dun profesor de Cambridge no século XVI; unha Pura Alonso estudada no *Compendio de historia orensana, Celanova incluída y heróicos hechos*, do erudito Alexandre Bienvisto e escrita a finais do século XVI; ou a historia do soldado romano da Legio VI, Antonius Ludovico Fandinus, un mito da ciencia reposteira do que non existe *desgrazadamente* máis referencia documental, que a recollida da tradición por “don Vicente Risco antes da guerra”. Preséntanos, así, tres historias galegas, as dúas últimas ourensás que, como a galegría histórica de *Os escuros soños*, enlazan feitos e personaxes “históricas” galegas na Historia eurocéntrica, na máis pura tradición da xeración Nós. Son,

polo demais, personaxes nomeadas ao xeito medieval galego portugués (nome, protoapelido e lugar).

O segundo aspecto relevante para a datación das historias ten que ver coa lingua galega utilizada na súa escrita. Sabemos que Casares é, en termos xerais, un autor disciplinado con respecto á norma oficial, aínda que non en exceso. As tres historias presentan algunhas formas que hoxe consideramos castellanismos (*anque, outubro, alfareiros, querella, querellante, despóis, xarras, convertiron, científicamente, cualidades, diócesis, ocurriu, víspera, decir, fieles, pelliz, siquera, desgraciadamente, inxenio, almendrados, paladar, alonxarse, sin duda, maestría*).

A carón delas, encontramos tamén algún coloquialismo (*asegún*) e un sistema de acentuación que podemos denominar de prenormativo (*servíu, conseguíu, éste, s duas*). Sería profundamente inxusto, alén de anacrónico, xulgarmos a súa escrita con parámetros da norma actual. Estas formas son, para nós, indicio dunha escrita anterior á codificación normativa que se produce en 1982³. Mesmo se Casares non refuga da inclusión de castellanismos para achegar a súa obra á xente (Freixanes 1982: 287), o sistema de acentuación distinto, aínda que coherente como proposta, indícanos que podemos situar a peza antes da oficialización das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.

Así pois, con estes opúsculos non só se constrúe unha historia, tamén se tece unha lingua literaria, en palabras de Víctor Fernández Freixanes (1982: 286) “Dalgún xeito o escritor, o escritor galego cicáis máis que ningún outro porque a lingua literaria presenta moitas dificultades, está experimentando sempre co seu material de traballo, que é o idioma”. O que aínda lle engade máis valor a este opúsculo.

A autotradución en Casares. Tres historias eruditas para celebrar un Nadal

A forza da obra novelística de Carlos Casares fai que os achegamentos críticos á súa obra esquezan que se trata dun autor que tamén foi poeta ou que se obvие a súa inxente obra narrativa breve dispersa. Cando se avalía o seu comportamento autotradutivo é frecuente que só se aluda á súa faceta como autor de novelas, para indicar en liñas xerais que é un autotradutor disciplinado e que hai unha viraxe na práctica da autotradución, ao asumir a tarefa de realizar el mesmo a versión española das súas novelas de modo sistemático a partir de *Deus sentado nun sillón azul* (1996). O propio autor afirma en 1988 que só se traduciu “nunha ocasión”, en referencia á autotradución de *Os mortos daquela verán*. Posteriormente muda a súa praxe e decide a partir de 1996 autotraducirse el sempre. Frente ao autotradutor disciplinado que nos presentan algúns traballos, en Galanes (2014) amosamos como, alén das autotraducións editadas, Casares realiza autotraducións máis libres da súa propia obra. No seu Arquivo Persoal figuran, como xa dixemos, valiosos materiais para a historia da literatura e da tradución en Galicia. De entre eles, sobranceamos a existencia de dúas autotraducións libres e con engadido de 5 novos relatos da primixenia *Vento ferido*. Só unha destas versións (*El juego de la guerra y otros cuentos*) foi publicada en Casares (2012).

Para alén destes datos referidos ás súas novelas, Casares xa comezara moito antes a autotraducirse de modo sistemático. No volume que compila boa parte da súa narrativa breve figura un interesantísimo apartado de “Procedencias” (Casares 2012: 301-306) no que se vai debullando a historia e o percorrido de tradución ao español da súa obra narrativa breve. Na terceira parte deste volume recóllese

obra dispersa publicada previamente en revistas e antoloxías. Son unha decena de relatos traducidos ao español por man allea ou polo autor. Catro deses relatos (“El lagarto de piedra/ O lagarto de pedra”, “La decisión del emperador”, “El suicidio de Jonas Björklund” y “Un pulpo gigante”) son autotraducciones de Carlos Casares publicadas por primeira vez en 1970, 1985, 1988 e 1998 respectivamente. Isto vén demostrar que a autotradución é xa unha constante na traxectoria de Casares, se ben non é unha práctica sistemática.

A norma non escrita do seu comportamento como escritor que se autotraduce é escribir case sempre en galego o relato e autotraducirse despois a español para a súa publicación fóra de Galiza en soportes como a revista madrileña *El Urogallo*, o xornal estatal *El País*, a revista *Ínsula* ou o volume colectivo coordinado por J.J. Armas Marcelo, *Los mares de Iberia*.

Os outros relatos breves consignados neste volume (Casares 2012) son contos publicados en galego en Galiza e que, só postumamente a editora encarga a tradución a español a Xesús Rábade Paredes para seren publicados na compilación barcelonesa.

Estes datos fan aínda máis singulares, se cabe, os opúsculos de *La Región*, pois están editados en versión orixinal galega acompañada da autotradución en español. É singular, pois, que Casares publique tamén en español para un público galego. Máxime cando el se autodefinira como un defensor do galeguismo, incluso desde os tempos da universidade, cando “as loitas universitarias estábanse a facer de costas ao galeguismo e á realidade mesma de Galicia como singularidade” (Freixanes 1982: 277). Quizais nesa decisión de publicar conxuntamente a autotradución influíse a propia editora, dado que se trata dunha encarga.

Vexamos como se autotraduce Casares nas *Tres historias eruditas para celebrar un nadal*.

As autotraducións que figuran no opúsculo anexo, amósannos un tradutor que se apega moito, quizais excesivamente ao texto orixinal. Optou por unha tradución literal que respecta a forma e a sintaxe do texto orixinal. Do mesmo xeito que no orixinal galego detectamos algúns castelanismos, nas autotraducións identificamos, aínda que en menor medida, interferencias do galego, que atinxen á orde gramatical, como o uso de formas verbais como *guiara*, *prendieran* o *llegara* no canto das correspondentes formas de subxuntivo *guiase*, *hubiese llegado*, o tamén de indicativo *habían prendido*.

No plano léxico, figuran no terceiro relato algunha *lambetada* y *lambonada*, que en español non existen. Non citamos neste apartado o xentilicio *orensano*, que hoxe consideramos castelanismo, por ser forma frecuente e de prolongado uso antes (e tamén algo despois) da Lei de normalización lingüística, que consagra como únicas formas toponímicas as galegas (art. X). Casares mantén algunhas formas toponímicas propias, non normativizadas no momento da escrita, como en *Fisterre* que figura en ambas as versións. Caso á parte é o de *Ourense*, que figura como *Orense* na versión española do relato. Tamén traduce algúns antropónimos como *Alejandro Bienvisto*, no canto de *Alexandre Bienvisto*. Vemos nestes exemplos unhas decisións de tradución resoltas caso a caso e non sempre de xeito coherente.

Aínda que inicialmente poderíamos considerar interferencias semánticas o uso de *acordar* no sentido de espertar en “*acordó en piojo*” (relato 2) ou *presente* no sentido de agasallo (relato 3), estes usos tamén se recollen como acepcións

en español (diccionario RAE), se ben, non son tan frecuentes como en galego.

En conclusión, estamos ante unha práctica iniciática da tradución en que o propio autor decide respectar o texto orixinal e realizar unha tradución palabra a palabra, con mímese de estruturas sintácticas, da estrutura informativa e da redacción. Non podemos perder de vista que o público meta desas traducións eran os traballadores/as do xornal, receptores dos agasallos da empresa e das historias. É posible que as interferencias que sinalamos tampouco fosen percibidas polo público meta das traducións, ao se tratar de relatos en español para público galego. Iso explicaría que as traducións non figuren anotadas con glosas que contextualicen as referencias culturais do orixinal.

Poñemos aquí cabo a esta contribución, que pretende deitar luz sobre obra aínda descoñecida de Carlos Casares, co desexo de que sexan moitas máis as achegas que amplifiquen e melloren a presente, a prol dun coñecemento íntegro dun escritor senlleiro como Casares.

Referencias bibliográficas

- CALVO, Tucho (2003) *Carlos Casares. O conto da vida*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- CASARES, Carlos (2012) *Narrativa breve completa*. Barcelona: Libros del Silencio.
- CASARES, Carlos (2014) *Monseigneur ou l'affaire du cinématographe*. Bruxelas: Ker éditions [Tradución de Michel Wagner desde orixinal español].
- CASARES, Carlos (2017) *His excellency*. London: Small Station Press [Tradución de Roger Jacobs desde orixinal galego].
- FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1982) “Carlos Casares, os dereitos do escritor”, en Freixanes, Víctor F. *Unha ducia de galegos*. Vigo: Galaxia, pp. 273-29.
- GALANES SANTOS, Iolanda (2014) “Carlos Casares y la traducción: obra dispersa e inédita”. *Quaderns* n.º 21, pp.183-198.

Tres historias eruditas para celebrar un Nadal

I. VAASCO FERNANDEZ DE BUÑO

Anque a primeira referencia documental aos célebres alfareiros de Buño, na coruñesa comarca de Bergantiños, non vai mais alá do século XVI, hai xa anos que o profesor Leonard Reckert, da Universidade de Cambridge, se ten referido a unha querella presentada no mes de outubro de 1347 por un tal Lopo Ferreyro de Fisterre contra uns descoñecidos. Asegún o querellante, en tal data "á par de Buño sayron a el quatro omees e que o prenderan e lle tomaran o roubaran cinco maravedís e que o feriran e lle tomaran a capa e saya e espada e gibón e roupa que leuaua". E mais adiante engade que despóis de semellante escarño, aínda foi conducido por armas hasta unha carballeira veciña, onde lle proferiron ameazas "en linguas extranjeiras" para o caso de que non os guiara á casa de Vaasco Fernandez de Buño, "que fai moi boas olas e cuncas e xarras para viño e pratos para comer comidas". E que levado alí, os homes que o prenderan obrigaron ao oleiro a facer un prato na sua presenza "e que i mesmo o fixo" e que cando estivo feito mandáronlle fritir uns ovos e que postos éstos "por acima do prato" se convertiron en ouro e que os homes fuxiron despóis e que queda "para esa parte do mundo que chaman terra de francos" e que Vaasco Fernandez de Buño quedou desde aquela "coa graça de Deus de convertir en ouro todo canto sobre os pratos puxer".

Carlos CASARES

Tres historias eruditas para celebrar un Nadal

I. VAASCO FERNANDEZ DE BUÑO


Aunque la primera referencia documental a los célebres alfareros de Buño, en la coruñesa comarca de Bergantiños, no va más allá del siglo XVI, hace ya años que el profesor Leonard Reckert, de la Universidad de Cambridge, se ha referido a una querella presentada en el mes de octubre de 1347 por un tal Lopo Ferreyro de Fisterre contra unos desconocidos. Según el querellante, en tal fecha "a par de Buño salieron a el quatro omnes e que lo feriran e le tomaran e robaran cinco maravedís e que lo prenderan e le tomaran la capa la saya e espada e gibón e ropa que lleuaua". Y más adelante añade que después de semejante escarnio, todavía fue conducido por armas hasta un robledal vecino, donde le proferieron amenazas "en linguas extranjeiras" para el caso de que no los guiara a la casa de Vaasco Fernández de Buño, "que faz mui buenas ollas e cuencos e jarras para vino e platos para comer comidas". Y que levado alí, los hombres que lo prendieran obligaron al alfarero a hacer un plato en su presencia "e que y mesmo lo fiz" y que cuando estuvo hecho mandáronle freir unos huevos y que puestas estos "por encima del plato" se convirtieron en oro y que los hombres huyeron después y que dicen que hicieron muchas riquezas con el dicho plato en su país, que queda "para esa parte del mundo que llaman tierra de francos" y que Vaasco Fernández de Buño quedó desde aquella "con la graça de Dios de convertir en oro todo quanto sobre los platos pusiere".

Carlos CASARES

2. PURA ALONSO DE ORENSE

Asegún o coñecido erudito ourensán Alexandre Bienvisto y Pedraza, home de curiosa ciencia e imaxinación moita, os famosos encaixes de Camariñas terían a súa orixe indirecta na cidade das Burgas e non na mariñeira vila coruñesa. Di don Alexandre no seu raro **Compendio de historia orensana, Celanova incluída, y heróicos hechos**. Ourense, 1802, que anque tal afirmación semelle desatino, non obstante está cientificamente ben fundada. Parece ser, se facemos caso ao noso informe, que a fins do século XVII vivía en Ourense unha tal Pura Alonso, filla sacrílega dun coengo pecador, que tiña entre outras as seguintes cualidades: falar tódalas linguas do mundo co de adiante para atrás, cantar ópera con sete voces diferentes, poñer un ovo de prata catro veces á semana e convertirse en piollo privado da cabeza do señor bispo da diócesis. O don de linguas non lle serviu para nada, pois ninguén a entendía, co canto gañou o seu señor muller culta e refinada, os ovos aproveitounos o seu señor padre para facer negocio e o piollo foi a orixe dunha nova gracia. Ocurriu que pasara toda a víspera do Nadal picando na cabeza de Ilustrísima e que éste chegara a decir a solemne misa do galo magoado e sin forzas e que durante o oficio a tal Pura acordou de novo de piollo en muller. Cando os fieles descubriron sorprendidos e incrédulos que o prelado tiña unha señora sentada na cabeza, empezaron a chorar e a dar berros no silencio da catedral, que mais parecía feira de franceses que casa de Deus. Pero pasado o desconcerto inicial, quixéronlle facer pagar cara a súa irreverente ousadía. Refuxiouse entón a infeliz na casa do seu proxetitor, que para salvarla a disfrazou de costurera. Como Pura non sabía coser, púxose a facer que facía sobre a manga dunha nova. Cando entraron por ela homes de armas ao servicio do señor bispo, ao se sentir perdida rezou unha xaculatoria dedicada á Virxe María e ao instante, sin siquiera mover os dedos, empezaron a saír das suas brancas mans encaixes e mais encaixes como unha enxurrada de auga purísima. Din don Alexandre no seu opúsculo que os encaixes milagrosos llos regalou despois o señor coengo a unha amiga que tiña alá contra as terras de Camariñas. Xa de vello e gotoso, ourensán ao fin e ao cabo, aínda se podía ver á súa ilustre reverencia sentado nun banco do xardín de Palacio chorando unhas bágoas pequeniñas, non se sabía ben se polo mal que lle fixera ao seu pobo ou se polo arrepentimento dos seus pecados.

Carlos CASARES



2. PURA ALONSO DE ORENSE

Según el conocido erudito orensano Alejandro Bienvisto y Pedraza, hombre de curiosa ciencia e imaxinación moita, los famosos encajes de Camariñas tendrían su origen indirecto en la ciudad de Las Burgas y no en la marinera villa coruñesa. Dice don Alejandro en su raro **Compendio de historia orensana, Celanova incluída, y heróicos hechos**, Ourense, 1802, que aunque tal afirmación semeje desatino, no obstante está científicamente bien fundada. Parece ser, si hacemos caso a nuestro informante, que a finales del siglo XVII vivía en Ourense una tal Pura Alonso, hija sacrílega de un canónigo pecador, que tenía entre otras las siguientes dotes: hablar todas las lenguas del mundo con lo de adelante para atrás, cantar ópera con siete voces diferentes, poner un huevo de plata cuatro veces a la semana y convertirse en piojo privado de la cabeza del señor obispo de la diócesis. El don de lenguas no lo aprovechó para nada, pues nadie la entendía, con el canto ganó fama de mujer culta y refinada, los huevos fue el origen de una nueva gracia. Ocurrió que había pasado toda la víspera del día de Navidad picando la cabeza de Ilustrísima y que éste llegara a decir la solemne misa del gallo entristecido y sin fuerzas y que durante el oficio, la tal Pura acordó de nuevo de piojo en mujer. Cuando los fieles descubrieron sorprendidos e incrédulos que el prelado tenía una señora sentada en la cabeza, empezaron a llorar y a dar gritos en el silencio de la catedral, que más parecía feria de franceses que casa de Dios. Pero pasado el desconcierto inicial, quisieron hacerle pagar su irreverente osadía. Refugióse entonces la infeliz en casa de su progenitor, que para salvarla la disfrazó de costurera. Como Pura no sabía coser, se puso a hacer que hacía sobre la manga de una nueva. Cuando entraron por ella hombres de armas al servicio del señor obispo, al sentirse perdida rezó una jaculatoria a la Virgen María y al instante, sin siquiera mover los dedos, empezaron a salir de sus blancas manos encajes y más encajes como un torrente de agua purísima. Dice don Alejandro en su opúsculo que los encajes milagrosos se los regaló más tarde el señor canónigo a una amiga que tenía allá contra las tierras de Camariñas. Ya de viejo y gotoso, orensano al fin y al cabo, aun se podía ver a su ilustre reverencia sentado en un banco del jardín de Palacio llorando unas lágrimas pequeniñas, no se sabía bien si por el daño que la había causado a su pueblo o si por el arrepentimiento de sus muchos pecados.

Carlos CASARES

3. ANTONIUS LUDOVICUS FANDINUS DE ROMA

Sobre os famosos almendrados de Allariz non existen desgraciadamente referencias documentais, pero unha longa tradición que don Vicente Risco recolleu antes da guerra, pon a orixe da tal lambonada na ciencia reposteira dun soldado romano da **Legio VI** chamado Antonius Ludovico Fandinus. Parece ser que o tal Fandinus, home de bon dente e non mala moa, salvou aos seus compatriotas dun perigo certo e das calamidades da derrota, gracias á súa afición aos deleites da cociña. Atrapada a gloriosa **VI** nunha emboscada polos aguerridos e temibles habitantes do **Vicus arnoiensis**, xerme da futura Allariz, e cando xa fora practicamente anulada toda a poderosa maquinaria bélica romana, non quedaba outra saída que unha deshonrosa capitulación. Foi entón cando ao miles Fandinus se lle ocorreu o recurso da lambonada, que xa empregara con resultados positivos na Dacia e nas fronteiras do Danubio con outros bárbaros. Conseguiu con rogos e con ingenio unha tregua de dúas horas, durante as cales fabricou dúas sacas grandes de almendrados, que enviou por un propio ao campamento enemigo. Probados por éstos, ao momento depuxeron as armas, entregados ao regalo dun paladar nunca antes tan docemente acariñado. Axudaba a festa con bebidas especiais do país, pronto os romanos tiveron o camiño libre para emprender a marcha e alonxarse do perigo. Cando baixaban cara ao val da Rabeda, desapareceu o soldado Fandinus, de quen nunca mais nin os seus superiores nin a súa familia tiveron noticias. Asegura a tradición que foi secuestrado polos nativos para que non fuxira con aquel segredo sin duda recibido como presente dos deuses de Roma. Os seus descendentes aínda continúan hoxe en Allariz a difícil arte herdada da maestría do seu glorioso antepasado. Unha mostra tenna o lector diante dos ollos, que quere dicir tanto como tela xa dentro da boca.

Carlos CASARES

3. ANTONIUS LUDOVICUS FANDINUS DE ROMA

Sobre los famosos almendrados de Allariz no existen desgraciadamente referencias documentales, pero una larga tradición que don Vicente Risco recogió antes de la guerra, pone el origen de tal lambonada en la ciencia repostera de un soldado romano de la **Legio VI** llamado Antonius Ludovicus Fandinus. Parece ser que el tal Fandinus, hombre de buen diente y no mala muela, salvó a sus compatriotas de un peligro cierto y de las calamidades de la derrota, gracias a su afición a los deleites de la cocina. Atrapada la gloriosa **VI** en una emboscada por los aguerridos y temibles habitantes del **Vicus Arnoiensis**, germen de la futura Allariz, y cuando ya había sido prácticamente anulada toda la poderosa maquinaria bélica romana, no quedaba otra salida que una deshonrosa capitulación. Fue entonces cuando al miles Fandinus se le ocurrió el recurso de la lambetada, que ya había empleado con resultados satisfactorios en la Dacia y en la fronteras del Danubio con otros bárbaros. Consiguió con ruegos y con ingenio una tregua de dos horas, durante la cual fabricó dos sacos grandes de almendrados, que envió por un propio al campamento enemigo. Probados por estos, al momento depusieron las armas, glotonamente entregados al regalo de un paladar nunca antes tan dulcemente acariñado. Ayudada la fiesta con bebidas especiales del país, pronto los romanos tuvieron el camino libre para emprender la marcha y alejarse del peligro. Cuando bajaban hacia el valle de La Rabeda, desapareció el soldado Fandinus, de quien nunca más ni sus superiores ni su familia tuvieron noticias. Asegura la tradición que fue secuestrado por los nativos para que no hubiera con aquel secreto sin duda recibido como presente de los dioses de Roma. Sus descendientes todavía continúan hoy en Allariz el difícil arte heredado de la maestría de su glorioso antepasado. Una muestra la tiene el lector ante los ojos, que quiere decir tanto como tenerla dentro de la boca.

Carlos CASARES